



**Procedemento:** programa bono enerxía peme-exercicio 2022

**Solicitante:** CLUB NAUTICO RIA DE ARES

**Código de solicitude:** IN417Z-22A854

**Actuación:** CAMBIO DE ILUMINACIÓN

Con data 18-07-22 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) a seguinte resolución:

## “RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN /E ANTICIPO

### ANTECEDENTES

1. O 07-06-22 o interesado presentou unha solicitude de axuda/ e anticipo para a execución do proxecto citado no encabezado
2. O 13-07-22 o equipo técnico do Inega emitiu o check-list de comprobación da solicitude e verificación de subvencionalidade de concesión de subvención/ e anticipo.

### FUNDAMENTOS LEGAIS

1. RESOLUCIÓN do 1 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes con actividade de comercio, hostalaría, artístico-recreativas e outros servizos (programa Bono enerxía peme), anualidade 2022 (código de procedemento IN417Z).
2. Corresponde á Xerencia do Inega a competencia para instruír o procedemento administrativo de concesión das subvencións, e ao director do citado ente público ditar as diferentes resolucións que se deriven da súa tramitación (artigo 16 das bases reguladoras).
3. De conformidade co disposto no artigo 28 das bases reguladoras:  

“1. Xuntamente coa solicitude de axuda, os interesados poderán solicitar un anticipo de ata o 50% do importe da subvención concedida naqueles supostos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A solicitude de anticipo e a solicitude de subvención serán obxecto dunha mesma resolución.”
4. Quedan exonerados de constituír garantía, os beneficiarios previstos no artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro entre os que figuran:

“Beneficiarios das subvencións concedidas das cales os pagamentos non superen os 18.000 €.”

De acordo con todo o anterior, a Xerencia do Inega PROPÓN a adopción da seguinte RESOLUCIÓN:

1. Conceder unha axuda /e anticipo ao proxecto sinalado de acordo coas seguintes condicións:

- Tipoloxía do beneficiario: Peme
- Sector do solicitante: 9311-GESTIÓN DE INSTALACIONES DEPORTIVAS
- Tipoloxía do proxecto: Bono Iluminacion
- Investimento validado resolución: 7.500,05 €





- % da axuda: 80.00
- Importe da axuda concedida: 6.000,00 €
- Solicita anticipo: Si
- Anticipo: 3.000,00 €

· Motivos minoración:

2. Prazo de execución do proxecto: o prazo límite para a execución e xustificación do proxecto non poderá superar o **30 de setembro de 2022**.

3. Son obrigas dos beneficiarios sen prexuízo das demais obrigas que figuran no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Realizar todas as actividades ás que se comprometeron dentro do desenvolvemento do proxecto e que constan na memoria da solicitude da axuda.
- Presentar as correspondentes xustificacións da subvención de conformidade co procedemento e nos prazos sinalados nos artigos 25 e 26 das base reguladoras.
- Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de tres anos, a contar desde o remate do proxecto.
- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos.
- Comunicarlle ao Instituto Enerxético de Galicia a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- En cumprimento do artigo 15.3 da Lei de 9/2007, de subvencións de Galicia, no caso de promoción ou difusión pública que a persoa beneficiaria realicen da actuación subvencionada por calquera soporte, deberán constar o cofinanciamento con fondos da Xunta de Galicia a través do Instituto Enerxético de Galicia, que se efectuará incorporando de forma visible o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega.
- En relación á publicidade do financiamento, o beneficiario deberá durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego, informar ao público do apoio obtido do Inega, Xunta de Galicia: a) facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña de un, da operación, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro do Inega. b) colocando, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (de





un tamaño mínimo A3), no que mencionará a axuda financeira nun lugar ben visible para o público. (O Inega facilitará modelos aos beneficiarios a través da súa páxina web).

- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias das subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no Título da citada lei.

Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso de alzada, ante o presidente da axencia Instituto Enerxético de Galicia no prazo dun (1) mes dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere pertinente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A xerente do Inega.

Vanessa Cal Ríos

Vista a anterior proposta de resolución, este centro directivo ACORDA darlle a súa aprobación nos seus propios termos.

A director.

Pablo Fernández Vila”

O que se notifica en cumprimento dos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A xefa da unidade Técnica Xurídico-Administrativa

Zoila Fernández Maceiras

